

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 19 de DECEMBRO de 2003**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na SESIÓN PLENARIA ORDINARIA, que se celebrará o vindeiro venres, día 19 de decembro de 2003, ás DEZASETE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.- Aprobación das actas anteriores, números: 13/03 e 14/03, correspondentes á sesión constitutiva celebrada o 26 de novembro e á extraordinaria celebrada o 3 de decembro de 2003, respectivamente.
- 2.- Dar conta das Resolucións da Presidencia, da nº 16.800 deica a nº 20.799.
- 3.- Dar conta da composición das Comisións Informativas.

Economía, Facenda e Especial de Contas

- 4.- Ampliación da delegación de competencias en materia tributaria por diversos concellos da provincia. 3º Grupo.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

- 5.- Modificación do convenio: Plan de dinamización turística da Costa da Morte.
- 6.- Convenio “Consortio das Mariñas”, para financiar o proxecto Andar.

Cooperación e Asistencia a Concellos

- 7.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Camiños de Boente a Figueroa e outros”, do Concello de Arzúa, incluída no POS 2003. Código 03.2100.0031.0

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- 8.- Ratificación da Resolución de Presidencia nº 21.335/2003, relativa á designación dos compoñentes da Mesa de Contratación.
- 9.- Aprobación do proxecto reformado da obra: Melloras do estadio de atletismo da Malata, do Concello de Ferrol, incluída na 6ª fase da Primeira programación plurianual das

obras que ha contratar a deputación, incluídas no Convenio Xunta-Deputación 1997-2001 para a reforma e construción de instalacións deportivas. Código 01.7450.0013.1

Infraestructuras viarias: Vías e Obras

10.- Proposta da addenda do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento e articulación da subvención do custo da peaxe no treito A Coruña-A Barcala da autoestrada A-9 para os residentes na provincia da Coruña.

Deporte, Xuventude e Medio Ambiente

11.- Aprobación de prórroga solicitada polo Concello de Vilasantar para xustificar os gastos da Campaña de promoción da agricultura ecolóxica 2003.

Persoal e Réxime Interior

12.- Modificación do numero, características e retribucións do persoal eventual.

13.- Delegación do Pleno da Corporación nos deputados que a representarán nas Mesas Xerais de Negociación.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Escúsanse os Sres. Lamas Sánchez e Pose Miñones.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás dezasete horas e dez minutos, o señor secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, con relación ós cales, por unanimidade, bardante nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

INTERVENCIONES

Sr. Torres Colomer

Moitas gracias, presidente, quizais para ordenar un pouco o debate e facilitar a brevidade deste pleno e dicir que imos votar a favor de todos os puntos, uns son competencia exclusiva súa, outros son de organización e outros de trámite e de temas que estaban xa en marcha, excepto no punto número 10, no cal temos posta unha emenda, e a cal debateremos no seu momento, debátooo agora xa se se considera oportuno e que en caso de, por suposto, de aceptar esa emenda, votariamos en prol dese punto, e senón, a nosa postura sería de abstención. Entón, vostede dirá se seguimos cos puntos ou comezo xa co debate da emenda nese punto, se non me equivoco, o número 10.

Sr. presidente

Se lles parece ben aos Sres. e Sras. deputadas, imos someter a votación todos os puntos ata o punto número dez, e abrimos debate no punto número dez.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES, NÚMEROS: 13/03 E 14/03, CORRESPONDENTES Á SESIÓN CONSTITUTIVA CELEBRADA O 26 DE NOVIEMBRE E Á EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 3 DE DICIEMBRE DE 2003, RESPECTIVAMENTE.

Apróbanse as actas anteriores, números 13/03 e 14/03, correspondentes á sesión constitutiva celebrada o 26 de novembro e á extraordinaria celebrada o 3 de decembro de 2003, respectivamente.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, DA N° 16.800 DEICA A N° 20.799.

Dáse conta ao Pleno das Resolucións da Presidencia, da n° 16.800 deica a n° 20.799.

3.- DAR CONTA DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Dáse conta da composición das Comisións Informativas, quedando como segue:

COMISIONS INFORMATIVAS	SESIÓN ORDINARIA	PRESIDENTE SECRETARIO	PSOE	PP	BNG
Infraestructuras viarias: Vías e Obras Provinciais	<u>Mensual:</u>	P: Francisco Candela Castrillo S: Luis Jaime Rodríguez Fernández	Francisco Candela Castrillo (Pte) José García Liñares Antonio S. Lagares Pérez Manuel Noceda Lamela	Manuel Pose Miñones Jose Luis Fondo Aguiar Eduardo Lamas Sánchez Miguel Prado Patiño Jose Luis Torres Colomer	Pablo Villamar Díaz Raquel Jabares Fernández <u>suplentes</u> Margarida Vázquez Veras Mª Socorro Cea Vázquez
Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico	<u>Mensual:</u>	P: Celestino Poza Domínguez S: Mercedes Fernández-Albalat	Celestino Poza Domínguez (Pte) José F. Nogueira Fernández Francisco Candela Castrillo Ramón Quintáns Vila	Carlos López Crespo José Manuel Cendán Fernández José Andrés García Cardeso Manuel Pose Miñones Manuel Taboada Vigo	Mª Socorro Cea Vázquez Raquel Jabares Fernández <u>suplentes</u> Margarida Vázquez Veras Pablo Villamar Díaz
Deporte, Xuventude e Medio Ambiente	<u>Mensual:</u>	P: Ramón Quintáns Vila S: Rogelio López Cardalda	Ramón Quintáns Vila (Pte) Pilar Souto Iglesias Celestino Poza Domínguez José F. Nogueira Fernández	José Antonio Santiso Miramontes José Manuel Cendán Fernández José Manuel López Varela Miguel Prado Patiño Ernesto Rieiro Oreiro	Pablo Villamar Díaz Mª Socorro Cea Vázquez <u>suplentes</u> Raquel Jabares Fernández Margarida Vázquez Veras
Persoal e Réxime Interior	<u>Mensual:</u>	P: Germán Díz Arén S: Ana Marcos García	Germán Díz Arén (Pte) Pilar Souto Iglesias José Luis Armada Castro Antonio S. Lagares Pérez	José Andrés García Cardeso Antonio Campo Fernández José Luis Fondo Aguiar Eduardo Lamas Sánchez Dositeo Rodríguez Rodríguez	Margarida Vázquez Veras Pablo Villamar Díaz <u>suplentes</u> Mª Socorro Cea Vázquez Raquel Jabares Fernández
Plans Especiais, Contratación e Equipamento	<u>Mensual:</u>	P: José F. Nogueira Fernández S: Luis J. Rodríguez Fernández	José F. Nogueira Fernández (Pte) José Luis Armada Castro Germán Díz Arén José García Liñares	José Luis Torres Colomer Manuel Caamaño Louro José Manuel López Varela Carlos López Crespo José Antonio Santiso Miramontes	Raquel Jabares Fernández Margarida Vázquez Veras <u>suplentes</u> Mª Socorro Cea Vázquez Pablo Villamar Díaz

Economía, Facenda e Especial de Contas	<u>Mensual:</u>	P: Antonio S. Lagares Pérez S: M ^a José Vázquez Sesmonde	Antonio S. Lagares Pérez (Pte) Francisco Candela Castrillo José Nogueira Fernández Ramón Quintáns Vila	Dositeo Rodríguez Rodríguez Eduardo Lamas Sánchez Carlos López Crespo Manuel Taboada Vigo José Luis Torres Colomer	Pablo Villamar Díaz Margarida Vázquez Veras <u>suplentes:</u> M ^a Socorro Cea Vázquez Raquel Jabares Fernández
Cooperación e Asistencia ós concellos	<u>Mensual:</u>	P: Xaime Bello Costa S: Susana Rouco Penabad	José García Liñares José Luis Armada Castro Germán Díz Arén Manuel Noceda Lamela	José Luis Fondo Aguiar Manuel Pose Miñones Ernesto Rieiro Oreiro Dositeo Rodríguez Rodríguez Manuel Taboada Vigo	Raquel Jabares Fernández Xaime Bello Costa (preside a Comisión) <u>suplentes:</u> Pablo Villamar Díaz Margarida Vázquez Veras
Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística	<u>Mensual</u>	P: Margarida Vázquez Veras S: Sagrario Liaño Pedreira	Manuel Noceda Lamela Pilar Souto Iglesias Celestino Poza Domínguez José García Liñares	Miguel Prado Patiño Manuel Caamaño Louro Antonio Campo Fernández Jose Manuel Cendán Fernández Jose Antonio Santiso Miramontes	Margarida Vázquez Veras (preside a Comisión) M ^a Socorro Cea Vázquez <u>Suplentes:</u> Raquel Jabares Fernández Pablo Villamar Díaz
Promoción Económica, Emprego e Turismo	<u>Mensual</u>	P: Pablo Villamar Díaz S: Rafael Díaz-Aguado Jalón	Francisco Candela Castrillo Manuel Noceda Lamela Jose Luis Armada Castro Celestino Poza Domínguez	José Manuel López Varela Manuel Caamaño Louro Antonio Campo Fernández José Andrés García Cardeso Ernesto Rieiro Oreiro	Pablo Villamar Díaz (preside a Comisión) M ^a Socorro Cea Vázquez <u>Suplentes:</u> Raquel Jabares Fernández Margarida Vázquez Veras

4.- AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA POR DIVERSOS CONCELLOS DA PROVINCIA. 3º GRUPO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada por diversos concellos da provincia, en relación coas materias e concellos seguintes:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre vehículos de tracción mecánica ou do imposto municipal que o complemente ou substitúa no futuro: Concellos de Pontedeume, Sada e San Sadurniño.

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana: Concello de Sada.

- Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, incluíndo a colaboración previa cos concellos para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se cometeron as infraccións: Concellos de Padrón , Sada e Arteixo.

- Recadación voluntaria e executiva das seguintes taxas municipais:

- ◆ Recollida de lixo: Concellos de Oroso, Pontedeume, Sada e San Sadurniño.

- ◆ Servicio de sumidoiros: Concello de Paderne.

- ◆ Autorización de entrada e saída de vehículos: Concellos de Oroso e Pontedeume.

A aceptación destas competencias realízase condicionada a que os correspondentes acordos municipais sexan elevados a definitivos.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a presentación de servicios tributarios ós concellos da provincia e terá efectos dende o día 1 de xaneiro de 2004.”

5.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO: PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DA COSTA DA MORTE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Aprobar as modificacións ao convenio subscrito o pasado 9 de maio de 2003 entre a representación da Secretaría Xeral de Turismo do Ministerio de Economía e Facenda, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, a Excm. Deputación Provincial da Coruña, a Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería da Coruña e a Asociación Profesional do sector turístico de Costa da Morte, para promover o Plan de dinamización turística da Costa da Morte.

2.-A redacción literal das modificacións ao convenio son as seguintes:

Modificación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Comunidade Autónoma de Galicia, Deputación Provincial da Coruña, a Asociación Provincial Profesional do Sector Turístico de Costa da Morte, para o desenvolvemento dun Plan de dinamización turística en Costa da Morte.

En Madrid, de de 2003.

REUNIDOS

Dunha parte:

O Excmo. Sr. D. Miguel Crespo Rodríguez, en calidade de subsecretario do Ministerio de Economía, nomeado polo Real decreto 676/2000, do 5 de maio, e actuando de conformidade co apartado segundo F da Orde do 25 de xullo de 2001, que delega a competencia que para subscribir convenios correspondentes ao titular do departamento segundo o establecido na disposición adicional décimo terceira da Lei de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento.

Doutra:

O Excmo. Sr. D. Jesús Varela, conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, nomeado polo Decreto 308/2001, do 15 de decembro e ao abeiro das facultades que, para vencellarse neste acto, ten conferidas na Lei do Parlamento de Galicia 1/1983, da Xunta de Galicia e do seu presidente, e no artigo 2º da resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outras entidades públicas e de colaboración con outros entes públicos e de colaboración con particulares así como de conformidade ao acordo do Consello da Xunta de Galicia con data...

Doutra:

O Ilmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, nomeado por Acordo do Pleno do 26 de novembro de 2003, e consonte coa habilitación realizada polo Pleno do 19 de decembro de 2003, para a subscripción do presente convenio, actuando en representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, en virtude do disposto no artigo 21, apartado 1, letra b da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e de acordo coa autorización do Pleno con data do...

Doutra:

O Sr. D. Eliseo Calviño Lema, presidente da Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de A Coruña por acordo do nomeamento con data do 14 de abril de 1998, en virtude do artigo 40 dos estatutos da asociación que lle outorga potestade para a sinatura deste convenio.

E doutra:

O Sr. D. Carlos Taibo Pombo, presidente da asociación profesional do sector turístico de Costa da Morte, por acordo do nomeamento con data do 20 de xaneiro de 2002, en virtude do artigo 25 do estatuto da asociación, que lle outorga potestade para asinar o presente convenio.

Todos recoñecen na representación que desempeñan capacidade para formalizar o presente convenio e para tal efecto

EXPOÑEN

Que con data do 9 de xuño de 2003, asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento dun Plan de dinamización turística en Costa de Morte, en concreto, para os concellos de: Fisterra, Muxía, Cee, Dumbría, Corcubión, Camariñas, Vimianzo, Zas, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Laxe, Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha, Muros e Carnota.

Que segundo a cláusula décimo cuarta do convenio, este terá unha duración de cinco anos a partir da data da sinatura (9 de xuño de 2003), excepto no que se refire ao compromiso de achega financeira, que será de catro anos.

Que na cláusula quinta, parágrafo primeiro do citado convenio concrétase a distribución de anualidades nas que se establecen as achegas da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia ao Plan de dinamización turística da Costa da Morte e

a forma de xustificación dela. En concreto, a citada consellería comprométese a achegar catrocentos dezasete mil cincocentos euros (417.500 €) no ano 2003.

Que a cláusula duodécima establece que a Deputación Provincial da Coruña dispón dun ano para executar e xustificar as actuacións aprobadas desde a data da sinatura do convenio no primeiro ano e nos seguintes desde a data da sinatura do acordo da Comisión de Seguimento na que se determinen.

Que por circunstancias sobrevidas relacionadas co retraso na constitución da Deputación Provincial da Coruña, demostrase imposíbel xustificar na presente anualidade orzamentaria a totalidade da cantidade arriba consignada.

Que de acordo co texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia é posíbel incorporar os remanentes de crédito a exercicios futuros.

Por isto, as entidades asinantes, sen renunciar ás súas competencias, acordan subscribir a presente addenda ao convenio con data do 9 de xuño de 2003, co obxecto de reaxustar a distribución das anualidades nas que se realizará a achega da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Modificar o epígrafe primeiro e segundo da cláusula quinta do convenio para o desenvolvemento dun Plan de dinamización turística en Costa da Morte, que queda redactado como segue:

“As achegas da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Comunidade Autónoma de Galicia efectuaranse conforme ao seguinte cadro de distribución de anualidades:

Anualidades	2003	2004	2005	2006	2007
		313.500	467.500	467.500	417.500

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Comunidade Autónoma de Galicia no 2004 efectuará a súa achega con cargo ós seus orzamentos, aplicación orzamentaria 10.05.651V.760.8, e as de anos sucesivos, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e aboarase conforme co cadro de distribución de anualidades especificado na presente cláusula, quedando condicionada a validez deste convenio á existencia, na anualidade respectiva, de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas del.”

Segunda. Modifícase a cláusula duodécima introducindo o seguinte apartado: “No caso da Comunidade Autónoma Galega, a xustificación realizarase antes de finalizar o ano natural e conforme á norma de procedemento que para o efecto dicte a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.”

Terceira. Modifícase a cláusula décimo cuarta, que queda redactada como segue: “O presente convenio terá unha duración de cinco anos, a partir da data da súa sinatura, agás no que se refire ao compromiso de achega financeira, que será de catro anos, consonte sempre co réxime de achegas establecido para cada Administración que subscribe o convenio, nas cláusulas cuarta, quinta e sexta respectivamente. Non obstante poderá producirse a súa resolución antes de cumprido este prazo por mútuo acordo das partes, incumprimento ou denuncia dalgunha delas. Neste último caso, a parte interesada deberá poñelo en coñecemento das outras ao menos con dous meses de antelación á finalización da anualidade en curso, de modo que a denuncia produza efectos a partir da anualidade seguinte.”

E en proba de conformidade asínano en exemplar sextuplicado, os intervinientes, no lugar e data indicados no encabezamento.

3.-Facultar ao Ilmo. Sr. presidente da Corporación para a sinatura das modificacións ao convenio e cantas actuacións resulten necesarias para o seu cumprimento.”

6.- CONVENIO “CONSORCIO DAS MARIÑAS”, PARA FINANCIAR O PROXECTO ANDAR.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio das Mariñas para promover o convenio administrativo que determina as obrigas de ambas as partes para desenvolver o Proxecto ANDAR con arreglo ó detalle que figura no proxecto.

2.- A achega provincial establecida no convenio ascende a un total de 141.233,16 euros (20% do total).

3.- Facultar á Presidencia para a sinatura do presente convenio.

4.- O texto íntegro do convenio é o que se xunta como anexo ó presente dictame:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONSORCIO DAS MARIÑAS

A Coruña, de de dous mil tres

REUNIDOS

Dunha parte, o Ilmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña

Doutra, o Sr. D. Julio Sacristán de Diego, presidente do Consorcio das Mariñas.

Ambos actuando para e por conta das entidades que representan, no exercicio das funcións e poderes que legalmente posúen e mutuamente se recoñecen,

EXPOÑEN

Primeiro:

A Deputación da Coruña que ten atribuída legalmente a competencia de fomento dos intereses da provincia, consente da importancia que para o desenvolvemento social e económico do seu territorio ten a participación de entidades públicas e privadas nos programas europeos, apoia a execución de proxectos comunitarios que axuden a mellorar a integración social, a renda e a calidade de vida dos seus habitantes.

O Consorcio das Mariñas ten como obxecto fundacional a prestación de servicios comúns aos concellos integrantes do consorcio e o desenvolvemento económico e social na súa zona de actuación, facilitando unha estrutura de concertación e cooperación, que coadxuve á consecución destes obxectivos.

Segundo:

A Dirección Xeral da Administración Local (Mº de Administracións Públicas), dentro da convocatoria para a concesión de axudas con cargo á subvención global do Fondo Social Europeo, establecidas nos Programas operativos P.O. 2000 ES 051PO017 (obxectivo 1) e PO 2000 ES 53PO313 (obxectivo 3), convocatoria realizada por

Resolución do 25 de xuño de 2002 da Secretaría de Estado de Organización Territorial do Estado, consonte coa súa comunicación do 30 de xaneiro de 2003, conceden subvención do Fondo Social Europeo ao Proxecto ANDAR, presentado pola Deputación Provincial da Coruña en nome do Consorcio das Mariñas, consonte coa Resolución de Presidencia núm. 15.585 do 14.10.02, e a súa complementaria núm. 619 do 27.01.03.

Terceiro:

Sendo o Consorcio das Mariñas a entidade promotora do Proxecto ANDAR, e sendo a Deputación da Coruña a entidade titular e responsábel perante o MAP da xestión do dito proxecto, ambas as institucións conscentes da necesidade de asegurar a súa correcta execución, veñen a establecer un acordo de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

A Deputación da Coruña, entidade titular e responsábel do Proxecto ANDAR perante o MAP, delega a execución do proxecto no Consorcio das Mariñas.

SEGUNDA: EXECUCIÓN DO PROXECTO E A SÚA XUSTIFICACIÓN

O consorcio das Mariñas xestionará directamente o Proxecto ANDAR e suxeitará todas as súas actuacións ao disposto nas bases reguladoras de concesión das axudas da convocatoria para o ano 2002 da subvención global do F.S.E. disposta no Programa operativo de fomento do emprego das rexións obxectivo 1, aprobadas por Resolución da Secretaría de Estado para a Administración Local (MAP), do 25.06.02; e ás instrucións aprobadas por Resolución do 06.02.03 do director xeral para a Administración local (MAP) en relación coa aplicación e desenvolvemento destas bases reguladoras que se acompañan como anexo a este convenio.

Así mesmo, o consorcio estará ás recomendacións de boa xestión que lle realice a Presidencia da Deputación por proposta das unidades provinciais responsábeis da execución, Servicio de Planificación e Control, e control financeiro do proxecto, a Intervención de Fondos Provinciais.

TERCERA: FINANCIAMENTO

O Proxecto ANDAR financiarase coas seguintes achegas:

Fondo Social Europeo (MAP)	494.316,05 €(70%)
----------------------------	-------------------

Deputación da Coruña	141.233,16 €(20%)
Consortio das Mariñas	70.616,58 €(10%)
Total do proxecto	706.165,78 €

O financiamento das achegas da Deputación da Coruña e do Fondo Social Europeo recóllense na Aplicación orzamentaria provincial 0104/322H/46799.

CUARTA: FORMA DE PAGAMENTO

O reembolso ao consorcio dos gastos pagados e efectivamente certificados con cargo ao proxecto efectuarase consonte coas normas citadas na cláusula segunda e en particular:

- O pagamento do 20% da achega provincial efectuarase unha vez aprobada por resolución da Presidencia a correspondente certificación de gastos presentada, que alcance o importe de dita achega provincial.

- O pagamento do 70% da achega do F.S.E. correspondente á certificación de gastos presentada e aprobada efectuarase unha vez lle sexa comunicada oficialmente polo MAP a remisión da dita achega á deputación.

As propostas de pagamento serán informadas polos Servicios de Planificación, Patrimonio e pola Intervención Xeral.

No caso de que os gastos xustificados foran superiores aos mencionados na cláusula terceira, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na dita cláusula.

QUINTA: RESPONSABILIDADES DE XESTIÓN

Serán aplicables ao consorcio todas as obrigas e responsabilidades que a Deputación da Coruña asuma por ser beneficiaria do financiamento do Fondo Social Europeo para executar o Proxecto ANDAR. En concreto, o Consorcio das Mariñas deberá designar:

- 1) un responsábel e depositario da documentación administrativa,
- 2) Un responsábel de control financeiro e da custodia da documentación contábel do proxecto.

SEXTA: DIRECCIÓN TÉCNICA

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao Servicio de Planificación e Control/IPE.

SÉTIMA: VIXENCIA

O presente convenio finalizará co cumprimento íntegro do obxectivo previsto nel e, en todo caso, o 31 de decembro de 2004.

O convenio prorrogarase automaticamente para os únicos efectos de, se é o caso, satisfacer as cotas pendentes de pagamento do Fondo Social Europeo.

Será causa de extinción do convenio a anulación da subvención concedida, cando isto derive de incumprimentos non imputábeis á Deputación da Coruña.

OITAVA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con el serán competencia da xurisdicción contencioso administrativa. Para a resolución de dúbidas ou lagoas que puideran xurdir na súa interpretación estarase ao disposto no Texto 2/2000, de 16 de xuño, de contratos das Administracións públicas.

En proba de conformidade, as dúas partes co contido íntegro do convenio asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento.

Lido por ambas as partes e en proba de conformidade asínano e outorgan en exemplar triplicado, na cidade e data arriba indicadas.”

7.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CAMIÑOS DE BOENTE A FIGUEROA E OUTROS”, DO CONCELLO DE ARZÚA, INCLUÍDA NO POS 2003. CÓDIGO 03.2100.0031.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Aproba-lo proxecto reformado da obra "**Camións de Boente a Figueroa e outros**" do Concello de Arzúa incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2003 (Código 03.2100.0031.0) cun presuposto de contrata de **55.015,98 €** que non representa unha variación no seu presuposto total, pero

si implica unha alteración substancial do contido do proxecto xa que se produce un cambio dun camiño por outro.

<u>Código</u>	<u>Concell</u> <u>o</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación</u> <u>F. propios</u>	<u>Deputación</u> <u>préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello</u>	<u>Presuposto</u> <u>total</u>
03.2100.0031.0	Arzúa	Camiños de Boente a Figueroa e outros	22.270,47	21.549,76	8.444,95	2.750,80	55.015,98

8.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA Nº 21.335/2003, RELATIVA Á DESIGNACIÓN DOS COMPOÑENTES DA MESA DE CONTRATACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Ratifica-la Resolución da Presidencia nº 21.335 con data do 10/12/2003 que literalmente di:

O Real decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das Administracións públicas, dispón no seu artigo 81 que: "1.- Agás nos supostos establecidos no artigo 12.4, o órgano de contratación para a adxudicación dos contratos por procedemento aberto ou restrinxido estará asistido por unha Mesa [...]"
Constituída con data do 26 de novembro de 2003 a nova Corporación Provincial.

PROCEDE:

Designar os integrantes da Mesa de Contratación para concursos e poxas, con procedemento aberto ou restrinxido, ás seguintes persoas:

	TITULARES	SUPLENTES
<u>PRESIDENTE</u>	Deputado Provincial D. José Federico Nogueira Fernández	Deputada Provincial Dña. Pilar Souto Iglesias
<u>VOCAIS</u>	A) Secretario xeral (con funcións de Asesoramento xurídico) D. José Luis Almau Supervía	Letrado asesor xurídico D. Ramón Valentín López Rey
	B) Interventor xeral D. Jesús Loscos Puig.	B) Viceinterventor D. José Manuel Pardellas Rivera
	C) Xefe do Servicio de Patrimonio e Contratación. D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.	Xefe da Sección de Patrimonio e Contratación D. Manuel Pérez Queiro.
<u>SECRETARIO</u>	Oficial Maior Dña. María Amparo Taboada Gil	Xefe do Servicio de Patrimonio e Contratación. D. Luis Jaime Rodríguez Fernández.

Conforme co disposto no artigo 81.2 do Real decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas, a Mesa de Contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, os informes técnicos que considere precisos e se relacionen co obxecto do contrato.”

9.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA: MELLORAS DO ESTADIO DE ATLETISMO DA MALATA, DO CONCELLO DE FERROL, INCLUÍDA NA 6ª FASE DA PRIMEIRA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL DAS OBRAS QUE HA CONTRATAR A DEPUTACIÓN, INCLUÍDAS NO CONVENIO XUNTA-DEPUTACIÓN 1997-2001 PARA A REFORMA E CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. CÓDIGO 01.7450.0013.1

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º) Aprobar por un importe total de 1.010.593,89 euros, sobre o presuposto de contrata, o proxecto reformado da obra “Melloras estadio de atletismo da Malata” do Concello de Ferrol, código 99.7450.0013.0, que foi incluída na 6ª fase da Primeira programación plurianual do Convenio Xunta-Deputación de instalacións deportivas 1997-2001, aprobada polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o 26 de maio de 2000.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no presuposto do proxecto reformado que ascende a 161.175,56 euros sobre contrata e 150.828,10 euros sobre adjudicación. (Código do reformado: 01.7450.0013.1).

O financiamento do citado incremento farao efectivo íntegramente a Deputación con cargo ao crédito dispoñible existente na partida do convenio 0501/452D/60173 do vixente presuposto provincial.

2º) Aprobar por un importe total de 40.188,17 euros, sobre o presuposto de contrata, os honorarios correspondentes a dirección e coordinación de seguridade e saúde relativos ao proxecto reformado da obra “Melloras estadio de atletismo da Malata”, código 99.7450.0013.1, que foron incluídos xunto coa obra na 6ª fase da Primeira programación plurianual do Convenio Xunta-Deputación de instalacións deportivas 1997-2001.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón do incremento experimentado no presuposto dos honorarios de dirección e coordinación de seguridade e

saúde do proxecto técnico reformado desta obra, que ascende a 7.247,84 euros sobre o presuposto de contrata, e 6.160.38 sobre presuposto de adxudicación.

O financiamento do citado incremento farao efectivo integramente a Deputación con cargo ao crédito dispoñible en remanentes na Partida do convenio 0501/452D/60173 do vixente presuposto provincial.

3º) Someter este expediente a exposición pública polo prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no BOP, co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo polo mesmo prazo para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e a Comisión Galega da Cooperación Local.

No caso de non se presentaren reclamacións ou alegacións ó devandito, entenderase definitivamente aprobado.”

10.- PROPOSTA DA ADDENDA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO E ARTICULACIÓN DA SUBVENCIÓN DO CUSTO DA PEAXE NO TREITO A CORUÑA-A BARCALA DA AUTOESTRADA A-9 PARA OS RESIDENTES NA PROVINCIA DA CORUÑA.

INTERVENCIONS

Sr. Torres Colomer

O punto número dez que trata sobre a supresión da peaxe da Barcala tema no que estamos plenamente de acordo e no cal a Deputación no seu momento fixo un esforzo económico pagando a contía do 50% desa peaxe para os cidadáns desta provincia, pero entendemos que no futuro iso debe de ser gratuíto ao cen por cento e librar desa carga á Deputación da Coruña.

E a nosa emenda vai no senso de que no apartado número dous, que é na parte dispositiva, tal como di na emenda, a partir da supresión desta peaxe, e a continuación vén “e tras a privatización da autoestrada tan prexudicial para os intereses de Galicia...”, entendemos que, xa fora de forma privada a xestión desta autoestrada, ou de xestión plenamente pública, que non foi prexudicial para Galicia, todo o contrario, eu creo que esa comunicación importante co norte e sur de Galicia, eu creo que favoreceu enormemente a economía de Galicia e tamén socialmente, polo tanto, eu creo, ou cremos o noso grupo que esa literatura sobra, e a nosa postura sería simplemente de eliminala.

E logo, xa nos acordos, engadir un seguinte acordo que sería: “Instar ao Ministerio de Fomento e á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia e ao Concello da Coruña -que xa están no tema ademais-, para que de acordo coas súas respectivas competencias e responsabilidades aceleren os trámites para iniciar a construción da denominada terceira ronda, que axudará á desconxestión do tráfico da área metropolitana da Coruña”, sería engadir este novo acordo que cremos tamén que esta terceira ronda, independentemente da gratuidade do treito da autoestrada da Barcala, favorecería a desconxestión da cidade da Coruña e sería unha nova circulación importante.

Vai neste senso a nosa emenda, é unha emenda sinxela que eu creo que é fácil de ter en consideración e volvo insistir que estamos plenamente de acordo na supresión da peaxe da Barcala e, desde logo, poñemos esta moción, que de aceptárnola votaríamos a favor de todo este punto, e no caso de que non se acepte, como dixen antes, absteríámonos, non, sen a nosa vontade, volvo insistir, que estamos a favor da supresión da peaxe da Barcala, e tamén desa terceira ronda. Moitas grazas.

Sr. Candela Castrillo

Moitas grazas, Sr. presidente, boas tardes, señoras e señores deputados.

Evidentemente, o tema que se trae hoxe a este Pleno da Deputación referido á supresión da peaxe da Barcala-A Coruña é un tema tremendamente importante, moi sentido no ámbito cidadán e a nivel institucional, tanto da comarca da Coruña, da área metropolitana, como do conxunto dos seus veciños, e neste senso, por tanto, é transcendente considerar na súa totalidade o conxunto do texto da proposta que se fai e que foi obxecto de dictame da Comisión de Infraestruturas Viarias. O certo é que o parágrafo ao que se refire o Sr. Torres Colomer, fai referencia a que nun intre determinado o Ministerio de Fomento impulsou un proceso de privatización da empresa concesionaria Audasa, que era unha empresa de capital público, de patrimonio público, privando ao conxunto de Galicia dun instrumento transcendental para impulsar a propia infraestrutura viaria na nosa comunidade e, desde logo, desaproveitando ese mesmo proceso para obter algún tipo de contrapartidas no que se refire, sobre todo, ao referido ás supresións das peaxes nas áreas metropolitanas, en concreto na área metropolitana da Coruña que nosoutros, desde hai tempo, os grupos que conforman o goberno municipal, vimos tratando de suprimir.

Neste senso, por tanto, o proceso de privatización consideramos que foi prexudicial para Galicia, é dicir, non se pode malvender un patrimonio público, que formaba parte do patrimonio que percorría, por aí dicilo, o patrimonio público galego, para deixalo en mans privadas sen facer a cambio ningún tipo de contraprestación, nin de compromiso con Galicia e coas súas infraestruturas. Neste senso, por tanto, dende o grupo de goberno, dende o

grupo socialista e do Bloque Nacionalista Galego que o conforman, imos manter o texto do dictame establecido na Comisión de Infraestructuras Viarias.

Polo que se refire á emenda engadida que fai o representante do grupo provincial popular, respecto a instar tamén ao Ministerio de Fomento e á Consellería de Política Territorial para iniciar a construción da denominada terceira ronda, que axudará á desconxestión do tráfico da área metropolitana da Coruña, como non imos estar de acordo o grupo de goberno, se precisamente foi o propio presidente hoxe da Deputación provincial, o deputado Salvador Fernández Moreda, quen impulsou, a través de distintas reunións, a iniciativa de construción desta terceira ronda.

Neste senso, por tanto, nosoutros non temos ningún inconveniente, senón todo o contrario, é dicir, agradecemos ao grupo provincial do Partido Popular que se sume a esta iniciativa que xa no seu momento foi tomada polo presidente da Deputación provincial, respecto á construción da terceira ronda para a área metropolitana da Coruña. Máis nada, presidente.

Sr. Torres Colomer

Insistir que a literatura esa de que foi prexudicial para Galicia, de verdade, entendémola dende o noso grupo, aquí non houbo ningunha venda dunha propiedade dunha parte de Galicia, senón unha concesión no tempo e teño a plena seguridade de que se o goberno naquel intre tomou esa decisión, é que seguramente necesitaba apoio económico a través dunha concesión da explotación desta autoestrada para financiar esa vía importantísima de comunicación entre o norte e o sur de Galicia.

Polo tanto, volvo a insistir, sexa cal fora a xestión a través dunha empresa privada, pública, ou directamente por unha entidade pública, esta autoestrada creou riqueza en Galicia, uniu ao pobo galego, e polo tanto creo que esas palabras, ou esa literatura, sobra plenamente.

Polo tanto, nosoutros manterémonos na nosa postura e, por suposto, no outro, eu creo que na terceira ronda, como ben dixo o Sr. Candela, estamos todos de acordo.

Polo tanto, Sr. presidente, vendo que aceptan o segundo acordo da terceira ronda, eu o que pediría é chegar máis ou menos a un consenso, pediría que se votase todo este apartado conxuntamente excepto a parte dúas dispositiva, onde nosoutros pediríamos un voto á parte para amosar o noso voto, que neste caso, a ese punto número dous sería un voto en contra, e votaríamos a favor do resto da disposición e dos acordos deste punto número dez.

E termino aproveitando este derradeiro pleno do ano para lles desexar a todos unhas felices festas e un feliz ano 2004, e sobre todo facer unha declaración pública de agradecemento ao Sr. interventor, D. Jesús Loscos, creo que é o seu derradeiro pleno, que se xubila a partir do 1 de xaneiro, e unhas palabras de agradecemento polo labor que fixo nesta institución, nesta fermosa Deputación da Coruña, a favor de todos os coruñeses. Moitas gracias e máis nada.

Sr. Candela Castrillo

Simplemente, Sr. presidente, para subliñar que a supresión desa frase non é mera literatura, a privatización de Audasa foi un grave proceso de deterioración do patrimonio público de Galicia, descapitalizou unha parte importante do patrimonio público de Galicia, sen nada a cambio porque a autoestrada, teño que lle lembrar, a autoestrada norte-sur entre A Coruña, Ferrol e Vigo, estaba practicamente construída, é dicir, cando se privatiza precisamente Audasa, que formaba parte do patrimonio público poñendo en mans privadas a xestión dunha empresa concesionaria, e non dotando ese financiamento do Estado para impulsar un novo proceso de construción de autovías e de autoestradas en Galicia, estábase privando a Galicia dunha parte importante do seu patrimonio. Neste senso, por tanto, ese proceso de privatización non pode acusarse de literatura, senón todo o contrario, efectivamente, foi unha decisión moi seria, moi grave, que posibilitou, como xa digo, que pasara a mans privadas unha parte importante do patrimonio público de Galicia.

Neste senso, claro que é certo que as autoestradas e as autovías, as infraestructuras viarias, son un factor de desenvolvemento económico e social importantísimo, por iso precisamente desde o grupo de goberno, desde o grupo socialista e nacionalista, véñse pedindo a supresión das peaxes nas áreas metropolitanas e por iso tamén, desde o grupo socialista e nacionalista se viu este proceso de privatización como contrario aos intereses de Galicia e gravemente prexudicial para o su patrimonio público. Por iso mantemos o texto do dictame, Sr. presidente, subliñando que non se trata de literatura senón dun tema que prexudicou gravemente aos intereses de Galicia.

Sr. presidente

Imos ordenar entón a votación. Temos por unha parte un dictame, un texto que é un dictame da comisión, e dúas emendas presentadas polo grupo popular, as cales o grupo de goberno rexeita a primeira emenda e aproba a segunda emenda. Polo tanto, imos votar separadamente.

Procédese a votar a emenda presentada polo Partido Popular relativa á supresión dun parágrafo do dictame orixinal:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

A continuación vótase a segunda emenda presentada polo Partido Popular, de adición dun punto ao dictame orixinal, sendo aprobada por unanimidade.

Finalmente, sométese a votación o dictame da comisión coa incorporación da emenda aprobada:

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Aprobar a addenda do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento e articulación da subvención do custo do peaxe no tramo A Coruña-A Barcala da autoestrada AP-9 para os residentes na provincia da Coruña, de conformidade coa cláusula 5ª do convenio aprobado en sesión plenaria celebrada o 29/11/02 e formalizado o 20/12/02, cunha achega provincial para o 2004 de 75.000,00 euros, condicionada a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 0202/513.B/489.99 (documentos contables RCP-03/0002 nº rexistro 10.003 de 26/11/03 e minorado por documento contable nº 10.320 do 12/12/03)

2.- "É vontade do Pleno da Deputación Provincial da Coruña poñer de manifesto ante a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia e do Ministerio de Fomento que o financiamento por parte da Deputación Provincial da Coruña do 50% do custo da peaxe no tramo de autoestrada entre A Coruña e A Barcala tan só pode considerarse unha medida temporal cara o obxectivo irrenunciable de conseguir a

efectiva supresión desta peaxe. Tras a privatización da autoestrada AP-9, tan prexudicial para os intereses de Galicia, correspóndelle ó Ministerio de Fomento a negociación coa empresa adxudicataria desa privatización que faga posible levar a efecto a supresión da peaxe citada.

Por todo o exposto o Pleno da Deputación da Coruña

ACORDA:

Instar ó Ministerio de Fomento e á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, para que de acordo coas súas respectivas competencias e responsabilidades, de forma inmediata, adopten as medidas efectivas para a supresión das peaxes nos tramos de carácter metropolitano do entorno da Coruña, e en concreto no referido á Autoestrada do Atlántico, AP-9, no tramo da Barcala ata A Coruña.

3.- Instar ó Ministerio de Fomento e á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia e Concello da Coruña para que de acordo coas súas respectivas competencias e responsabilidades, aceleren os trámites para iniciar a construción da denominada Terceira Ronda que axudará á desconxestión do tráfico da Area Metropolitana de A Coruña.”

11.- APROBACIÓN DE PRÓRROGA SOLICITADA POLO CONCELLO DE VILASANTAR PARA XUSTIFICAR OS GASTOS DA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DA AGRICULTURA ECOLÓXICA 2003.

Por unanimidade, apróbbase o seguinte dictame da comisión:

“Aprobar a prórroga solicitada polo Concello de Vilasantar para xustificar o custo de elaboración dunha campaña de promoción da agricultura ecolóxica.

O prazo de xustificación será, como límite máximo, o 12 de marzo de 2004.”

12.- MODIFICACIÓN DO NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓN DO PERSOAL EVENTUAL.

Por unanimidade, apróbbase o seguinte dictame da comisión:

“1.- Tomar razón da renuncia do portavoz do Grupo do Partido Popular á percepción da dedicación exclusiva.

2.- Modifícalo acordo adoptado na sesión do día 03/12/2003, nos seguintes termos:

1º.- O número, características e retribucións do persoal eventual da Deputación Provincial da Coruña será o seguinte:

Nº	CARACTERÍSTICAS	NIVEL COMPLEMENT O DESTINO	RETRIBUCIÓN ANUAIS DE CADA POSTO DE TRABALLO
2	ASESORES (ESPECIAL DEDICACIÓN)	28	56.066,02 €
5	TÉCNICOS (ESPECIAL DEDICACIÓN)	26	44.129,76 €
4	TÉCNICOS (ESPECIAL DEDICACIÓN)	24	39.921,46 €
3	TÉCNICOS (ESPECIAL DEDICACIÓN)	21	30.989,00 €
8	ADMINISTRATIVOS (ESPECIAL DEDICACIÓN)	19	24.664,60 €
3	AUXILIARES ADMÓN. (ESPECIAL DEDICACIÓN)	16	20.680,06 €
6	AUXILIARES ADMÓN. (DEDICACIÓN NORMAL)	16	16.081,30 €

2º.- As retribucións expresadas incrementaranse anualmente nos mesmos termos que se determinen para os postos de traballo de persoal funcionario consonte coas previsións xenéricas que se establezan nos Orzamentos xerais do Estado.”

13.- DELEGACIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN NOS DEPUTADOS QUE A REPRESENTARÁN NAS MESAS XERAIS DE NEGOCIACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Delegar en D. Germán Diz Arén, Dña. Dilar Souto Iglesias e Dña. Margarida Vázquez Veras como titulares e D. José Nogueira Fernández, D. Francisco Candela Castrillo e D. Pablo Villamar Díaz como suplentes, a representación da Corporación nas Mesas Xerais de Negociación de Pactos, Acordos e Convenios Colectivos do Persoal Funcionario e Laboral.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. presidente

Hai unha moción, que neste caso presenta a Deputación, como consecuencia do Pleno de constitución da Deputación, o grupo popular presentou a posibilidade de retrasar o inicio das sesións plenarias ás dezoito horas; reunido o grupo de goberno, aceptamos esta proposta, parécenos asumíbel, por tanto, propóñolles ao Pleno da Corporación, a aprobación da seguinte moción:

“RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO.- A partir de xaneiro de 2004, as sesións ordinarias do Pleno da Deputación Provincial celebraranse con periodicidade mensual, o último venres de cada mes, ás dezoito horas. Se o día sinalado fose inhábil, a sesión ordinaria celebrárase o inmediatamente anterior hábil, ás dezoito horas.”

Procédese a votar a urxencia da moción, sendo aprobada por unanimidade e a seguir vótase a moción, sendo aprobada tamén por unanimidade.

Sr. presidente

Recollendo o sentir do voceiro do grupo popular, o Sr. Torres Colomer, quero lamentablemente comunicarlle ao Pleno que o interventor desta deputación, don Jesús Loscos Puig se xubila, e esta é a derradeira sesión á que vai asistir. Eu, se me permiten, en nome de vostedes, e en nome, atribuíndome como presidente, en nome de anteriores corporacións ás que serviu durante vinte e dous anos nesta casa, quérolle agradecer o traballo, a lealdade e a colaboración que tivo coa institución, coas corporacións e cos distintos presidentes cos que tivo que colaborar.

Digo que lamentablemente se vai porque eu, como presidente, fíxenlle unha oferta de continuar vencellado a esta deputación, e esta oferta segue en pé, se acepta, oxalá, porque será bo para o funcionamento desta casa, e se non acepta terá o apoio do presidente e imaxino que tamén de toda a Corporación.

Se me permiten pediría un aplauso como forma de agradecer vinte e dous anos de servicios nesta institución.

(Aplausos)

Sr. interventor xeral

Efectivamente, tal como acaba de anunciar o noso presidente, o vindeiro 31 de decembro vou cesar como interventor desta deputación, como consecuencia da miña xubilación, como manifestou el, por vontade propia.

Hoxe é un día importante para min, que asistín ao último Pleno desta deputación, e a través das miñas palabras vou pór fin á miña actividade profesional, despois de ter prestado os meus servicios nesta institución durante máis de 22 anos.

En agosto do ano 1981 tomei posesión do meu cargo sendo entón presidente D. Enrique Marfany Oanes. Con posterioridade, sucedéronse distintos gobernos provinciais que foron presididos por D. José Manuel Romay Becarúa (en 1987), D. Salvador Fernández Moreda (en 1989), D. Augusto César Lendoiro (en 1995), D. José Luis Torres Colomer (en 1999), e desde o pasado mes de novembro, de novo D. Salvador Fernández Moreda.

Durante todo este dilatado período de máis de 22 anos, en que se sucederon seis equipos de goberno, procurei que a miña actuación no cargo de interventor se desenvolvese, en todo momento, coa máxima profesionalidade e obxectividade e tamén coa máxima prudencia e discreción, tal como o ven facendo desde que inicié a miña actividade profesional hai máis de 42 anos.

E seguindo estes principios, exercín a función fiscalizadora, a dirección da contabilidade e a responsabilidade da xestión orzamentaria así como o oportuno asesoramento económico a esta deputación.

No exercicio destas funcións tiven sempre presente a defensa dos intereses económicos da institución provincial e tamén procurei colaborar no cumprimento dos obxectivos de carácter económico que cada equipo de goberno estableceu no seu programa ao longo dos seus distintos mandatos.

Nalgúns casos, a defensa dos intereses provinciais tivo para min un custo evidente, a título de exemplo, pódome referir ao famoso canon de enerxía eléctrica e en concreto ao contencioso que un concello desta provincia mantivo contra a deputación, contencioso, sen dúbida, lexítimo se non se acudira ademais, á vía penal, interpoñendo unha querela criminal contra min por emitir un informe favorábel aos intereses da deputación e que non recoñecía as pretensións do concello, que se cifraban en algo máis de 3.900 millóns de pesetas.

A pesar disto e de que a querela, na que se pedía a miña inhabilitación para o exercicio da función pública, mantívose durante máis de 4 anos, aconsellei que non se desistira do recurso, e finalmente obtivemos unha resolución xudicial totalmente favorábel aos

intereses da deputación, sen custo ningún para a institución, ademais do arquivo da querela por carecer da máis mínima fundamentación xurídica.

Este é un dos exemplos da carga persoal que conleva o exercicio responsábel da función interventora en multitude de casos. Con todo, o meu paso pola deputación tamén tivo para min moitos momentos especialmente gratificantes e isto foi posíbel gracias á concorrencia de dúas circunstancias moi singulares.

A primeira que hei salientar é que sempre contei coa extraordinaria profesionalidade, capacidade de traballo e colaboración dos funcionarios desta deputación, e en concreto dos funcionarios dos servizos económicos, colaboración que valoro moi especialmente e que fixo que a miña estancia na deputación fora moito máis agradábel e o meu traballo máis sinxelo.

A segunda, e non menos importante, é que ademais, tamén tiveron a sorte e contar sempre coa comprensión e confianza, que en todo momento mostraron cara ao meu traballo, os distintos presidentes e deputados, tanto do equipo de goberno como da oposición, o cal é moi eloxiábel, xa que a función interventora non sempre é ben entendida polo órgano intervido.

A pesar disto, teño que dicir que nesta deputación puideron exercer a miña función con total independencia e respecto e é de xustiza que neste momento o poña de manifesto e o agradeza moi sinceramente.

Por isto creo que agora que poño fin á miña actividade profesional é o momento de dar as gracias máis sinceras aos membros desta Corporación e aos das anteriores, así como aos funcionarios cos que convivín ó longo de todos estes anos, e tamén agradezo moi sinceramente as moitas atencións que recibín.

Aproveito igualmente este momento para desexarlle á nova Corporación provincial que acaba de constituírse os maiores acertos no seu transcendental labor de cooperación en favor dos municipios da provincia. E finalmente quero dar as gracias a toda a Corporación, ao seu presidente actual, aos anteriores presidentes, polas amábeis palabras de despedida que me dedicaron, moitas gracias a todos e non é necesario que vos lembre que podedes seguir contando comigo para todo aquilo nos que vos poida ser útil.

(Aplausos)

Sr. presidente

Antes de rematar a sesión, deséxolles a todos vostedes unhas felices festas e un próspero ano 2004. Moitas gracias e felices festas.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as dezasete horas e corenta minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.